

Agustín Fernández Paz

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ (Vilalba, 1947). Perito Industrial, Mestre, Licenciado en Ciencias da Educación. Traballa como profesor de Lingua e Literatura Galega no IES Os Rosais 2 de Vigo. Autor dunha longa obra narrativa en lingua galega, na súa maior parte traducida a todas as linguas ibéricas. Entre os seus libros, figuran títulos como: *As flores radiactivas* (Premio Merlín 1989), *Contos por palabras* (1991, Premio Lazarillo 1990; Lista de Honor do IBBY 1992; traducido ao francés pola editorial Joie du Lire), *Rapazas* (1993), *Trece anos de Branca* (Premio Edebé 1994), *Cartas de inverno* (Premio Rañolas 1995), *O centro do labirinto* (1997), *Cos pés no aire* (1999, Premio Raíña Lupa 1998), *Aire negro* (2000, Lista de Honra do IBBY 2002; Premio Protagonista Jove 2001 outorgado por lectores cataláns), *Noite de voraces sombras* (2003)* ou *O meu nome é Skywalker* (Premio O Barco de Vapor 2003). Entre os seus títulos máis recentes cóntanse *Tres pasos polo misterio*, *Laura e os ratos* e *Raquel ten medo*, todos eles de 2004. Tamén é autor de textos teóricos, como *Ler en galego*, *Para lermos cómics*, *Os libros infantís galegos*, *Os cómics nas aulas* ou *A literatura infantil e xuvenil en galego*, e de numerosos materiais didácticos.

197

Autopoética

Son unha persoa que atopa pracer en inventar historias e contalas a través da escrita, aínda que o que a min de verdade me gusta é ler o que outros escriben. Desde os anos da infancia –na Galicia da posguerra, onde eran un ben escaso–, os libros tiveron unha presenza decisiva na miña biografía.

Como lector, gústanme os libros que teñen vida. Eu chámolles así a aqueles que encerran a capacidade de suscitar en quen os le unha mirada nova sobre as persoas e sobre a sociedade. É dicir, os que son capaces de provocar unha mutación, por pequena que sexa, tanto no sistema en que se inscriben (xa non se pode escribir coma se ese libro non existise) coma nas persoas que o len (xa non é posible ollar a realidade do mesmo xeito que antes de lelo). Coma tal, *O proceso*, ou *Arraianos*, ou *Follas Novas*, ou case toda a obra de José Ángel Valente. Ou, para lembrar o terreo en que me sitúo, *O enigma e o espello* de Jostein Gaarder, *Ben quere a Ana* de Peter Härtling ou *Contos ó teléfono* de Gianni Rodari.

* Recentemente acadou outra vez o premio Edebé pola obra *A escola dos piratas*.

A min gustaríame escribir algún día un libro así. Soño con conseguilo cada vez que unha nova historia comeza a bulir na miña cabeza. E seguírei a soñalo, aínda que ben vexa que os resultados que vou acadando distan moito das ambicións iniciais. Pero quizais tamén sexa Sísifo outro dos patróns dos que andamos nestas anqueiras.

Socialmente, o espazo desde o que escribo sitúase nas marxes do sistema literario, pois a maior parte da miña produción encádrase nese eido que nomeamos como “literatura infantil e xuvenil”. Malia ser consciente de que textos así teñen, agás excepcións, unha recepción que abala entre a invisibilidade e o prexuízo, síntome cómodo no meu lugar, non teño intención ningunha de abandonalo.

“Esquecen que isto de aquí non é a vida. / Aquí, negro sobre branco, rexen outras leis.” Os versos de Wislawa Szymborska lémbrennos o que, malia sabermolo, descoidamos ás veces: que a literatura é un mundo feito de palabras e que a vida é outra cousa. Pero tamén sabemos, en palabras de Álvaro Cunqueiro, que “o home precisa, como quen bebe auga, beber soños”. Beber soños: acaso non é unha definición magnífica da lectura? E da escrita tamén, se cadra. Os libros están feitos de palabras, si, pero son imprescindibles para axudarnos a soñar e a vivir.

198

Todo o que escribimos é, dalgún xeito, unha extensión de nós mesmos. Tecemos as nosas historias cos fíos da vida, sempre que entendamos por *vida* algo ben máis amplo que o significado convencional que se lle adoita dar. Hai anos, para un mester semellante ao que intento agora, escribín estas palabras: “...non podo esquecer que todos os fíos cos que acabo compoñendo os meus relatos teñen a súa orixe na miña infancia. Nos contos que escoitei, nos libros e tebeos que lin, nas películas que vin nunhas salas de cine que xa non existen, nos xogos das tardes de inverno e en todas as aventuras daqueles veráns luminosos e eternos. Todo está alí, nas paisaxes encerradas na miña memoria”. Sígame recoñecendo nelas.

Agás o derradeiro, os textos que presento hoxe aquí pertencen a unha serie de relatos mínimos que vou escribindo de vagar e que me gustaría ver en forma de libro se algún día chego a noventa e nove. O texto final é distinto: está a medio camiño entre un conto en loanza da lectura e unha proposta de *performance* que me compracería ver realizada nalgures.

Meditación ante o álbum de fotos familiar

Levabamos anos falando de remodelar a ala dereita do pazo, pero nunca nos dabamos decidido. Este outono comezamos as obras, logo de vencer múltiples resistencias familiares. De acordo cos novos planos, procedeuse ao derrube das vellas paredes interiores. Entre os tabiques de dous cuartos pequenos, nun oco habilmente disimulado, apareceu un esqueleto enteiro nun magnífico estado de conservación. Levaba alí máis de cincuenta anos, segundo acreditaron os informes do forense. Os informes explicaban tamén a causa da súa morte, cunha meticulosidade innecesaria: o cranio furado e a bala que apareceu na base da caveira eran testemuñas luminosas para calquera de nós.

Desde aquel día, contemplo o álbum coas vellas fotos familiares e trato de distinguir, entre tantos rostros que me miran hieráticos, cal é o que esconde nos ollos a mirada do asasino.

Os raros mecanismos da memoria

199

Sempre oíra dicir que, nos breves instantes que precederían á súa morte, toda a vida pasaría de xeito acelerado diante dos seus ollos, permitiéndolle revivir por derradeira vez as experiencias, amargas unhas, felices outras, rutineiras as máis, que a súa memoria, sempre sabia, fora sepultando co paso dos anos de xeito semellante aos estratos xeolóxicos. Un fenómeno así, pensara máis dunha vez, tiña que obedecer a algunha rara orde programada en certos fragmentos da curva helicoidal do noso ADN, algo así como unha consoladora versión biolóxica, e quen sabe se divina, da máquina que Adolfo Bioy Casares imaxinara en *La invención de Morel*.

Pero algunha peza debeu de fallar na súa máquina, algún aminoácido debeu de alterar a secuencia que poñería en marcha o complicado mecanismo, porque, nos últimos segundos da súa vida, a memoria quedoulle ancorada con firmeza na imaxe luminosa de Pilar, a rapaza de ollos de fnel e trenzas loiras que tanto amara nos seus anos adolescentes.

Un caso de licantropía

Conforme pasaban os minutos, a insolencia daquela alumna ía en aumento. Xa non se trataba só do seu ostentoso desprezo polas explicacións que o profesor, con paciencia infinita, tentaba enfiar naquel ambiente hostil. O peor era que, ademais, a moza dedicábase a atraer a atención do resto da clase con procedementos cada vez máis imaxinativos. Ao contrario que a do profesor, a actuación da moza acadaba, por que non dicilo, un éxito de público cada vez maior.

Atentos como estaban ás impertinencias da súa compañeira, os alumnos non se decataron das transformacións mínimas que anunciaban o desastre: o medre desmesurado das uñas, as grosas sedas que apareceron polas partes visibles da pel, o sangue coloreando o branco dos ollos, os cairos afiados que asomaban por entre uns labios anormalmente inchados, a mudanza na forma e no tamaño das orellas, a desfeita nas costuras da chaqueta e do pantalón...

200 Cando foron conscientes do que ocorría, era xa demasiado tarde. Algúns aínda tiveron un tempo fugaz para pensar en balas de prata e en cruces invertidas, e na ausencia da lúa chea, máis evidente no ceo azul daquela mañá de primavera, e noutras inútiles fantasías literarias e cinematográficas, tan afastadas do ámbito docente e do rutineiro mobiliario escolar que os rodeaba.

Así de terribles e inagardados son algúns fenómenos de licantropía.

Vixencia dos presocráticos

Ninguén se baña dúas veces no mesmo río, deixou escrito Heráclito de Efeso nun dos seus célebres fragmentos, hai xa máis de dous mil anos. “Non sei as circunstancias que levarían ao filósofo a pensar así, pero neste río eu non me volvo meter, cando menos na presente reencarnación”, pensei, mentres coa toalla trataba inutilmente de quitar a pegañenta película de graxa que recubría por enteiro a miña pel. “Ás veces”, reflexionei con melancolía, “é demasiado elevado o prezo que nos obrigan a pagar polo progreso”.

Fronte a min, alleas ás miñas preocupacións filosóficas, as turbias augas do Lagares proseguían teimudas o seu camiño cara ao mar.

Un conflito teolóxico

Contemplei de xeito demorado o corpo que durmía ao meu carón, tan fermoso e desexable que nin as mellores metáforas de Pablo Neruda chegarían para describilo. Ollei logo o ceo a través da fiestra entreaberta: xa anoitecera, chegaba o momento de volver á miña casa.

As horas que viña de pasar con Ana, aínda máis intensas e apaixonadas que outras tardes, anegáranme de felicidade. Mentres buscaba inutilmente as palabras que me permitisen describir o tempo que gozaramos xuntos, lembrei as prédicas dos meus anos infantís, cando me dicían que o ceo era o lugar da felicidade eterna: o goce maior ao longo dun tempo infinito. Pero o ceo era estar a carón de Ana, poucas certezas había tan evidentes para min. Por que, entón, me dixeran que era eterno e persistiran nun engano así durante tantos anos?

201

Sobre a orixe das galaxias

Os cosmólogos sosteñen que primeiro foi o Big-Bang, e que despois o universo comezou a expanderse a velocidades vertixinosas, mentres as partículas elementais iniciaban as múltiples unións e combinacións que acabarían por dar forma a todo canto existe. E afirman tamén que as galaxias que se afastan unhas das outras a través dun espazo cósmico sorprendentemente plano, non son máis que os grumos procedentes do gran estoupido primixenio.

Niso pensaba eu mentres o leite saía a borbollóns fóra do cazo e se dividía logo en pingas vagamente esféricas que esvaraban velozes pola superficie da cociña de ferro. Pero miña nai entrou berrando: “Que se vai o leite, pasmón!”, e deume unha labazada por non quitar a tempo o cazo do lume. Sempre, meditei con tristeza, atopou atrancos insalvables a investigación científica neste país.

Un río de palabras

Ao primeiro nin tan sequera estaba seguro de que fose unha boa idea. Ocorrúeseme vendo eses papeis con anuncios de todo tipo que a xente pega en calquera sitio frecuentado: “Ofrécese señora por horas para coidar nenos”, “Sacamos a pasear o teu can”, “Cerralleiros, 24 horas” e cousas así. É doado distinguilos, pois a parte inferior da folla está cortada formando tiras onde aparece o teléfono ao que hai que chamar. Eu pensaba que ninguén lles facía caso, pero cambiei de opinión cando comprobei que de moitos deles arrincaran case todos os tickets dos teléfonos.

Así que entra dentro da lóxica que se me ocorrese algo parecido cando volví atopar un deses libros que me conmoven e me devolven a alegría de vivir. Ao rematalo, asaltoume de novo o desexo que sempre sinto neses casos: telefonar aos amigos, saír a berrar no medio da rúa, proclamalo a todo o mundo. Dicirlle á xente que non poden seguir vivindo sen ler un libro así, hai demasiada beleza nel para ignoralo.

202

A idea veu a min con naturalidade. Aínda non me decatara ben do que quería, cando xa estaba diante do ordenador, copiando as primeiras liñas daquela narración que me tivera absorto nos días anteriores. Fíxeno cunha letra de corpo vinte e un interlineado xeneroso, de ningunha maneira quería que o texto pasase desapercibido:

Rei Artur soubera, pola boca mesturadora de Galván, que Guenebra lle era infidel con Lanzarote. Polo paseo dos grandes feitos, beirado de dalias, avanzaba senlleiro o monarca de corazón mancado. Toda a dor do mundo trabáballe nas gorxas coa fereza do lince.

Imprimín vinte follas, en papel de cor. En todas elas tiven que recortar as tiras a man. Foi un traballo laborioso, pero pagou a pena. Nelas, en vez do teléfono, escribín o título do libro e o nome do seu autor. Se a alguén lle interesaba a historia que se agachaba detrás daquelas poucas liñas, alí tiña o fío polo que tirar dela ata a súa conclusión.

Peguei as follas por todo o barrio. Como sentía algo de vergoña, erguinme cedo e coloqueinas de madrugada, antes de marchar para o traballo. Ao volver, o primeiro que fixen foi percorrer os lugares onde deixara os papeis. O

corazón fôiseme enchendo de optimismo a medida que vía cortadas a maior parte das tiras. Era máis do que eu agardaba, o sinal de que a miña mensaxe estaba xa nas mans doutras persoas descoñecidas.

Animado polo éxito, decidín probar de novo. Desta vez elixín as liñas iniciais dun deses libros que releo cada certo tempo, só por revivir a emoción inesquecible que sentín a primeira vez:

Unha mañá, cando Gregorio Samsa espertou despois dun sono intranquilo, atopouse sobre a súa cama convertido nun monstruoso insecto. Estaba tombado sobre a dura coiraza do seu lombo e, ao erguer un pouco a cabeza, percibiu a forma convexa e pardenta do seu ventre, dividido por partes duras en forma de arco, sobre as cales a penas se podía soste-lo cobertor, a piques xa de esvarar ao chan. As súas moitas patas, ridiculamente pequenas en comparación co resto do seu corpo, vibraban desamparadas ante os seus ollos.

Axiña comprobei que os tickets das miñas follas desaparecían ao pouco tempo de distribuí-las. O sistema funcionaba! Seguín colocando novas follas cada tres ou catro días, pois quería deixar o tempo suficiente para que se puidese assimilar o efecto de cada unha. Cando cheguei á décima, decidín facer algo especial. Escollín un papel de maior calidade e, tras moitas dúbidas, seleccionei o comezo dun libro que me deixara marcado desde a primeira vez que o lera:

Bretaña é unha terra moi apenada pola banda do mar, namentras por onde se apega a Francia ábrese en longas chairas, estreitas valiñas e ledos outeiros. É terra moi viciosa de camiños, porque nela, amén da xente natural do sobremundo, andan doados e moi alertantes pasaxeiros, xentes das soterradas alamedas, difuntos vespertinos, pantasma-s, hostes cabaleiras, ánimas remitíndose de obrigas.

Á mañá seguinte, cando saín a colocar os meus carteis, descubrí-n con abraio que alguén pegara outros semellantes. Sentín unha emoción irrefreable, maior aínda cando comprobei que aquela anónima persoa se atvera coa poesía, dándolle así unha boa lección a todos cantos, equivocadamente, afirman que é un xénero minoritario:

*O amor está no que tendemos
(pontes, palabras).*

*O amor está en todo canto izamos
(risas, bandeiras).*

*E no que combatemos
(noite, baleiro)
por verdadeiro amor.*

Non só arrinquei un ticket, senón que, despois de pegar tamén as miñas follas, me mantiven vixilante todo o día, para ver cómo era recibida a nova proposta. Unha recepción extraordinaria, pois as tiras voaron con máis rapidez que outras veces. ¡Sentíame exultante! Agora sabía que preto de min había unha persoa disposta a compartir a emoción que tamén ela sentía ante algúns libros.

Claro que a sorpresa maior tívena o seguinte luns. Cando me erguín para colocar as follas cun novo texto, atopeime con que as rúas enteiras aparecían con papeis de cores por todos lados: nas esquinas das paredes, nos farois, nos semáforos, nas portas dos comercios... Todo o barrio estaba inundado de textos magníficos, e de tickets que colgaban tentadores baixo deles, coma os froitos maduros de árbores exóticas.

204

Non sei se este milagre durará sempre ou será só unha paixón de outono que desaparecerá coa chegada da chuvia. Pero algo me di que non é flor dun día, pois hai cousas que só precisan do pulo inicial para que comecen a medrar. ¿Quen sabe? Quizais este andazo se estenda á cidade enteira, quizais acaben sendo milleiros as persoas que se animen a inundar as rúas con ríos de palabras. E entre elas, dimo o corazón, estará tamén a muller que agardo, ese descoñecido amor co que espero compartir todos e cada un dos días da miña vida.